

C

Compostela  
Cultura

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

XORNADAS DE MÚSICA  
CONTEMPORÁNEA

05-20  
06.2024

# CALEIDOSCOPIO



CONCELLO DE  
SANTIAGO

JONDE

ZOVEN  
SOCIETAT  
NACIONAL  
DE ESPAÑA




GOBERNO  
DE GALICIA

inaem INSTITUTO GALEGO  
DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN

CGAC CENTRO GALEGO  
DE ARTE  
CONTEMPORÁNEA

XUNTA  
DE GALICIA

Deputación  
DA CORUÑA



## XMC CALEIDOSCOPIO

As Xornadas de Música Contemporánea manteñen un ano máis o seu compromiso coa descuberta e a vangarda, co afán de abrir xanelas e oportunidades de escoita cara ás sonoridades anovadoras e as tendencias emerxentes da música contemporánea, outorgándolles o espazo e valor que merecen como futuros clásicos.

Do 5 ao 20 de xuño e baixo o título xenérico de ‘Caleidoscopio’, convidan a gozar dunha programación que atende á acepción “diversa e cambiante” do termo e, ao tempo, responde á súa significación etimolóxica (do grego *kalós* “fermoso”, *eîdos* “imaxe” e *skopé* “observar”), propiciando a observación das fermosas imaxes musicais contidas nas obras de encargo e estreas propostas pola Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela ou o Ensemble Liberdade nesta tempada.

Como parte desta experiencia, as XMC’24 gardan un lugar destacado para un novo ‘Encontro da Joven Orquesta Nacional de España’. A formación volve a Compostela para centrar a súa actividade artística e formativa no estudo e preparación do repertorio sinfónico e de cámara cara ao que as e os integrantes da formación traballarán, en ensaios parciais ou seccionais, con docentes das diferentes especialidades instrumentais con recoñecido prestixio na contorna estatal e internacional. Así, do 31 de maio ao 10 de xuño, a JONDE perfilará dous recitais da man do Ensemble Modern, baixo a dirección de Pablo Rus Broseta, e tres proxectos de cámara, coa tutela do Trío Arbós e o clarinetista Joan Enric Lluna, nos que o público da cidade descubrirá catro obras de estrea especificamente encargadas pola orquestra para este Encontro.

Nesta procura de novos camiños creativos toman tamén parte o Ensemble Liberdade, unha agrupación encabezada por Xacobe Martínez Antelo que fai converxer a improvisación dirixida e a música contemporánea como campo de experimentación sonora e musical, e a compañía de danza lookathingsdifferent, nun traballo ao tempo delicado e de gran esixencia física que combina imaxes e movemento para desdebuxar roles de xénero e estereotipos na compañía da música orixinal concibida por Nico Casal e interpretada en vivo por este compositor compostelán.

A aposta pola anovación compositiva continúa no programa desenvolvido pola Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela ao abeiro destas Xornadas. Baixo a batuta do seu titular, David Fiuza, a formación presentará tres estreas absolutas no concerto que servirá de peche ás XMC’24 e que contará coa intervención doutros dous solistas galegos, o contrabaixista Antonio Romero Cienfuegos e o saxofonista Rafa Yebra.

Enmarcadas na programación anual de Compostela Cultura, as Xornadas de Música Contemporánea concitan as principais entidades culturais da cidade no tecido dunha proposta que pon en valor a música desenvolvida nos séculos XX e XXI nas contornas galega, estatal e internacional e o diálogo con outras formas artísticas. A edición de 2024 é froito da colaboración do Concello de Santiago e o Auditorio de Galicia coa Deputación da Coruña, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) da Xunta de Galicia e o Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música do Ministerio de Cultura.

**05.06.2024 | 20.30 h**

Sala Ángel Brage

Auditorio de Galicia

**Concerto Ensemble I**

**Ensemble Modern e JONDE**

**Pablo Rus Broseta, director**

Mauricio Sotelo (1961): De  
imagination, signarum et idearum  
compositione II (2022)

György Ligeti (1923-2006):  
Hamburgisches Konzert  
(1998/1999)

Helga Arias (1984): Traces of the  
Blast (In Aftermath of Explosion)  
(2024) Estrea absoluta. Encargo  
da JONDE

George Benjamin (1960):  
Three inventions (1995)

**06.06.2024 | 20.30 h**

Sala Mozart, Auditorio de Galicia

**Concerto de cámara I**

**Trío Arbós e JONDE**

**Joan Enric Lluna, clarinete**

Tomás Marco (1942): En campos  
de zafiro pace estrellas (2011)

Teresa Catalán (1961):  
Nenias II (2018)

Rebecca Saunders (1967):  
disclosure (2008)

Alberto Carretero (1985): Tres  
daguerrotipos (2024). Estrea  
absoluta. Encargo da JONDE

Guillaume Connesson (1970):  
Sexteto (1998)

**07.06.2024 | 20.30 h**

Sala Mozart, Auditorio de Galicia

**Concerto de cámara II**

**Trío Arbós e JONDE**

**Joan Enric Lluna, clarinete**

César Camarero (1962):  
Music for a liquid theater (2018)

Mario Davidovsky (1934):  
Flashbacks (2000)

Gabriela Ortiz (1964): El águila  
bicéfala (2005)

Inés Badalo (1989): Rust (2024)  
Estrea absoluta. Encargo da JONDE

Thomas Adès (1971): Court studies  
from The Tempest (2005)

**08.06.2024 | 20.30 h**

Sala Mozart, Auditorio de Galicia

**Concerto de cámara III**

**Trío Arbós e JONDE**

**Joan Enric Lluna, clarinete**

Toshio Hosokawa (1955):  
Trío (2013)

María José Arenas (1983):  
El Aljibe (2024) Estrea absoluta

Salvatore Sciarrino (1947):  
Il silenzio degli oracoli (1989)

Gérard Grisey (1946-1998):  
Talea (1986)

**09.06.2024 | 20.30 h**

Sala Ángel Brage

Auditorio de Galicia

**Concerto Ensemble II**

**Ensemble Modern e JONDE**

**Pablo Rus Broseta, director**

Pierre Boulez (1925-2016): Éclat (1965)

María de Alvear (1960):  
Brana (2024) Estrea absoluta

Hugo Gómez-Chao (1995): Estudio  
sobre la carne (2024) Estrea  
absoluta. Encargo da JONDE

Jörg Widmann (1973):  
Freie Stücke (2002)

**12.06.2024 | 20.30 h**

CGAC

**Ensemble Liberdade**

**Xacobe Martínez Antelo, director**

**18.06.2024 | 20.30 h**

Teatro Principal

**LOOKATHINGSDIFFERENT**

**SOMOS**

**Dirección, coreografía e**

**intérpretes: Carla Cervantes**

**Caro e Sandra Egido Ibáñez**

**Música orixinal e interpretación:**

**Nico Casal, piano**

**20.06.2024 | 20.00 h**

Teatro Principal

**Banda Municipal de Música de**

**Santiago de Compostela**

***Postais 'dende a semente creativa'***

**David Fiuza, director**

**Antonio Romero Cienfuegos,**

**contrabaixo**

**Rafael Yebra, saxofón**

Xosé Carlos Seráns Olveira (1962):  
Sons e Soños (2023) Estrea absoluta

Federico Mosquera (1986):  
Concerto en doce cadros (2024)  
Estrea absoluta

Fernando Ruibal (1976):  
Compac Sax en 4 4 (2024)  
Estrea absoluta

Juan Fernández Guzmán (1980):  
Camiños de Santiago (2020)



# JOVEN ORQUESTA NACIONAL DE ESPAÑA





## ENCONTRO JOVEN ORQUESTA NACIONAL DE ESPAÑA

### PROXECTO ENSEMBLE

#### Ensemble Modern

Pablo Rus Broseta, director  
Isabel Rubio, directora asistente

#### Violíns

Joel Doraci Gjata  
María Hernández Vera  
Óscar Lerma Barrero  
Joan López de Soria Homar  
Jagdish Mistry\*

#### Violas

Victor Guaita\*  
Manuel Martí López  
Adriana Snape Bermejo

#### Violonchelos

Eva Böcker\*  
Beltrán Calderón Bosom  
Fermín García Menéndez

#### Contrabaixos

Laura Álvarez Cao  
Iñaki Salido Pulido

#### Frautas

Carlos Cascales Serrano  
Manuel Alejandro Recena Comino

#### Óboes

María Victoria Muñoz Zaragoza  
Carmen Tomás Mateu

#### Clarinetes

Alejandro Costa Vilella  
Manuel Díaz Asencio  
Shelly Ezra\*

#### Fagotes

Ángela Martínez Martínez  
Johannes Schwarz\*

#### Trompas

Paula Criado Patricio  
Jesús Díez Gallego  
Miguel Linares Navarro  
Thomas Mittler\*  
Glòria Pons Martínez

#### Trompetas

Marcos Aceña Lagunas  
Sava Stoianov\*

#### Trombón

Pablo Carbonell Galiana

#### Tuba

Javier Monleón Rubio

#### Percusión

Adrià Fort Noguera  
David Haller\*  
Jorge Mora Molina

#### Saxofón

Juan Antonio Mollá Albero\*\*

#### Mandolina

Ana Juanals Bermejo\*\*

#### Guitarra

Aitor Arzoz Barrera\*\*

#### Címbalo húngaro

Manuel António Veríssimo de Campos\*\*

#### Pianos

Ueli Wiget\*  
Emilio Zarza Roperó\*\*

#### Arpa

Elisabeth Cerra Conroy

(\*) Músico do Ensemble Modern /  
Equipo académico

(\*\*) Músico invitado

### PROXECTO CÁMARA

**Trío Arbós e Joan Enric Lluna, clarinete**  
**Juan Carlos Garvayo, coordinador**

#### Violíns

María Asensi Yagüe  
Víctor Coll Sanchis  
Ferdinando Trematore\*

#### Viola

Adriana Snape Bermejo

#### Violonchelos

Blanca Budiño Roca  
José Miguel Gómez\*  
David Rodríguez Marrero

#### Contrabaixo

Iñaki Salido Pulido

#### Frautas

Rocío Bolaños del Pozo  
Marina Manterola Nájera

#### Óboes

María Victoria Muñoz Zaragoza  
Carmen Tomás Mateu

#### Clarinetes

José Manuel Acevedo Real  
María González Moreno  
Joan Enric Lluna +

#### Fagot

Esteban García Vidal

#### Trompa

Mario Piñero Gordillo

#### Trompeta

Andrés Martos Guerrero

#### Trombón

Alejandro Ivorra Elull

#### Percusión

Laia Blay Herranz

#### Pianos

Juan Carlos Garvayo\*  
Alberto Villaescusa Martín\*\*

(\*) Músico do Trío Arbós /  
Equipo académico

(+) Equipo académico

(\*\*) Músico invitado

XMC  
CALEIDOS-  
COPIO

# JOVEN ORQUESTA NACIONAL DE ESPAÑA

A Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), pertencente ao Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (INAEM, Ministerio de Cultura), foi creada en 1983 co propósito de formar ao máis alto nivel músicos españois na etapa previa ao exercicio da súa profesión. O seu obxectivo prioritario é o perfeccionamento profesional e artístico dos seus músicos a través do estudo e a práctica do repertorio universal sinfónico e de cámara, por medio da celebración de varios encontros anuais. Estes Encontros son titorizados por docentes e dirixidos por directoras e directores de recoñecido prestixio estatal e internacional, e culminan coa celebración de xiras de concertos, a participación en proxectos diversos e a gravación dun xa extenso catálogo de CD's e DVD's.

Ao longo dos seus máis de 40 anos de vida, a JONDE contou con batutas convidadas como as de Carlo María Giulini, Krzysztof Penderecki, Rafael Frühbeck de Burgos, Jesús López-Cobos, Juanjo Mena, Josep Pons, Cristóbal Halffter, Vasily Petrenko, Christopher Hogwood, Gianandrea Noseda, Fabio Biondi, Yakov Kreizberg, Paul Goodwin, Gunther Schuller, Antoni Ros Marbà, Víctor Pablo Pérez, Pablo González, Arturo Tamayo, Alberto Zedda, Günter Pichler, Lutz Köhler, Peter Rundel, Bruno Aprea ou Edmon Colomer, entre outras, e colaborou con solistas como Mstislav Rostropóvich, Elisabeth Leonskaja, Christian Zacharias, Teresa Berganza, Juan Diego Flórez, Manuel Blanco, María Bayo, Pablo Sainz Villegas, Rafael Orozco, Asier Polo ou Deszö Ranki, por citar algúns exemplos.

A JONDE tense presentado en numerosos auditorios e festivais españois, como os Festivais Internacionais de Santander e Granada, o Festival de Música Religiosa en Cuenca, o Palau de la Música de Valencia, nas temporadas da Orquesta Nacional de España (ONE), da Orquesta Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya (OBC), a Orquesta Filarmónica de Gran Canaria (OFGC) e no ciclo 'Orquestas del Mundo' de Ibermúsica, entre outros eventos. É destacable a súa colaboración co Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM), co Festival Internacional de Música de Alicante e na temporada do

Auditorio de Zaragoza. A proxección no estranxeiro da JONDE incluíu ao longo destes anos xiras por Bélxica, Francia, Alemaña, Italia, Reino Unido, Austria, Portugal, Luxemburgo, Holanda, Rusia, Ucraína, Estonia, Romanía, Hungría, Estados Unidos, Venezuela e República Dominicana, con actuacións en salas de concertos como Carnegie Hall (Nova York), Royal Albert Hall (Londres), Concertgebouw de Ámsterdam, Théâtre des Champs Elysées (París), Filharmónica e Konzerthaus am Gendarmenmarkt de Berlín, Filharmónica de San Petersburgo, Radio Kulturhaus de Viena, Kongress Palais - Stadthalle Kassel e Ateneo Romano de Bucarest.

Así mesmo, a JONDE foi invitada a festivais internacionais como o BBC Proms (Londres), Robeco Zomerconcerten (Ámsterdam), World Expo Hannover, Expo Lisboa, Festival Kultursommer Nordhessen (Kassel, Alemaña), Var Magica Festival (Bucarest), Festival Enescu Şi Muzica Lumii (Sinaia, Romanía), Aberdeen International Youth Festival e Chester Summer Music Festival (Reino Unido), Festival España-Venezuela (Caracas), Touquet International Music Masters (Francia) e outros en Alemaña como Festspiele Mecklenburg-Vorpommern, Musikfestspiele Saar, Opernfestspiele Schloss Weikersheim, Schleswig-Holstein Musik Festival (Salzau) e Festival Young Euro Classic (Berlín).

Ao longo da súa traxectoria, a JONDE desenvolveu numerosos proxectos complementarios á súa actividade principal, como as Academias de Música Barroca ou Música Contemporánea, a figura de Compositor en Residencia, o encargo de obras a novas e novos compositores a través da Fundación SGAE e a Asociación Española de Orquestas Sinfónicas (AEOS), e a participación en programas de intercambio de músicos, especialmente a través da European Federation of National Youth Orchestras (EFNYO) e o Programa Iberorquestas Juveniles. Entre os seus colaboradores e patrocinadores contou co apoio das Fundacións BBVA, Caja Madrid, Hazen e Coca-Cola. Actualmente, mantén unha colaboración coa Fundació de Música Ferrer-Salat, para difundir anualmente o Premio Reina Sofía de Composición Musical e desenvolver un importante programa de bolsas para os novos músicos da orquesta.

Os seus directores artísticos foron Edmon Colomer (1983-1995), Llorenç Caballero (1995-2001) e José Luis Turina (2001-2020). Dende 2020 a directora artística da JONDE é a violinista e pedagoga española Ana Comesaña.





# ENSEMBLE MODERN



## ENSEMBLE MODERN

O Ensemble Modern é un curioso altofalante para a música do noso tempo: valente, intransigente e enérxico. Un amplificador esencial e esteticamente políglota para conceptos sonoros que marcan tendencia.

Fundado en 1980 e con sede en Frankfurt am Main, é unha das formacións musicais actuais máis coñecidas e punteiras do mundo. 18 solistas determinan na actualidade as actividades deste conxunto democraticamente organizado. Así, intérpretes procedentes de Bélxica, Bulgaria, Alemaña, Grecia, India, Israel, Xapón, Suíza e Estados Unidos deciden conxuntamente proxectos artísticos, colaboracións con outras e outros artistas e todos os asuntos económicos derivados da súa actividade.

O seu espectro estético inclúe obras de teatro musical, danza e propostas multimedia, música de cámara, concertos para *ensemble* e orquestrais. As xiras e invitacións especiais levan habitualmente o Ensemble Modern a festivais de sona en todo o mundo e aos principais auditorios estatais e internacionais.

Esta formación musical interpreta unha media de 70 obras novas cada ano, 20 das cales son estreos mundiais, algunhas delas por encargo do propio conxunto. A maioría das pezas ensáianse en estreito contacto coas persoas compositoras. O concepto e obxectivo do Ensemble Modern é lograr a maior precisión posible na materialización das ideas dunha compositora ou dun compositor. O seu traballo caracterízase por colaboracións extraordinarias e a miúdo continuadas con artistas como John Adams, Mark Andre, George Benjamin, Unsuk Chin, Peter Eötvös, Brian Ferneyhough, Heiner Goebbels, Hans Werner Henze, Heinz Holliger, Mauricio Kagel, György Kurtág, Helmut Lachenmann, György Ligeti, Cathy Milliken, Brigitta Muntendorf, Olga Neuwirth, Enno Poppe, Steve Reich, Wolfgang Rihm, Rebecca Saunders,

Iris ter Schiphorst, Simon Steen-Andersen, Karlheinz Stockhausen, Mark-Anthony Turnage, Frank Zappa, Hans Zender ou Vito Žuraj, ademais de destacadas personalidades doutros xéneros artísticos.

Dende o ano 2000, esta formación musical ten o seu propio selo, o Ensemble Modern Media. A través doutros selos consolidados lanzou aproximadamente 150 gravacións até a data. En 2003 fundaron a Academia Internacional Ensemble Modern (IEMA) para agrupar as actividades educativas que desenvolven. O seu obxectivo é transmitir os numerosos movementos musicais do noso tempo, así como unha maneira aberta e creativa de abordar os procesos artísticos.

O Ensemble Modern está financiado pola Fundación Cultural Federal Alemá, o Concello de Frankfurt, a Deutsche Ensemble Akademie e o Ministerio de Educación Superior, Investigación e Artes do Estado federado de Hessen, e conta coa emisora hr2-kultur como asociada cultural.

# PABLO RUS BROSETA



Pablo Rus Broseta é un dos directores españois máis valorados do circuíto internacional. En 2015 foi nomeado director asistente da Seattle Symphony, conseguindo ao pouco tempo o posto de director asociado, que ostentou ata 2019. Coa citada orquestra dirixiu solistas como Itzhak Perlman, René Fleming ou Joshua Bell. Facéndose cargo dunha gran variedade de programas, realizou monográficos de Prokofiev, Shostakovich e Brahms, entre outros.

Nestas últimas temporadas traballou tamén con solistas como Beatrice Rana, Yo-Yo Ma, Edgar Moreau ou Ingrid Fliter e tomou a batuta de orquestras como a BBC Symphony Orchestra (substituíndo a François-Xavier Roth en Barbican Hall de Londres, cun programa monográfico dedicado a Pierre Boulez), Orchestre Les Siècles, Detroit Symphony, Orlando Philharmonic, North Carolina

Symphony, Houston Symphony Orchestra, Orquesta Filarmónica de Buenos Aires, Beethoven Orchester Bonn, Orchestre Philharmonique Royal de Liège, Bilkent Symphony Orchestra, Basel Sinfonietta, Orquesta y Coro Nacionales de España, Orquesta de RTVE, Orquesta Filarmónica de Gran Canaria, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta de la Comunitat Valenciana (Palau de les Arts), Orquesta Simfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya ou Ensemble Intercontemporain. Especialmente estreita é a súa relación con orquestras como a WDR Sinfonieorchester de Colonia, SWR Symphonieorchester de Stuttgart, Orquesta Sinfónica de Porto Casa da Música e o Ensemble Modern de Frankfurt. Así mesmo, foi invitado a dirixir en numerosos festivais, como o Klangspuren Schwaz, Transart Festival de Bolzano, Cresc, Bienal de Frankfurt, Strasbourg Festival Musica, Donaueschinger Musiktage, Wittener Tage für Neue Kammermusik ou o Festival Ensembles de Valencia.

O seu repertorio abarca dende Rameau ata John Adams, centrándose especialmente no gran catálogo sinfónico. Ao longo dos últimos anos tivo oportunidade de traballar de preto con compositores como Wolfgang Rihm, Hans Zender, Thomas Adès, Magnus Lindberg, Francisco Coll ou Pierre Boulez, de quen recibiu clases maxistras no marco do Festival de Lucerna en 2011.

En 2018 presentou o seu primeiro CD coa Seattle Symphony (Canteloupe Music), con música do compositor americano Michael Gordon. En 2022 lanzou o seu segundo disco, con música de Marc García Vitoria xunto á Jove Orquestra de la Generalitat Valenciana e o viola Joaquín Riquelme. Na temporada 2022/2023 tivo compromisos coa Sinfónica de Galicia, Orquesta Simfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, e a Basel Sinfonietta, entre outras.

Tras estudar Composición e Saxofón, Pablo Rus Broseta formouse en Dirección de orquestra en Lion, no Conservatorium van Amsterdam e a Universität der Künste Berlin. Recibiu consellos de mestres como David Zinman, Kurt Masur, Steven Sloane, François-Xavier Roth ou Bernard Haitink, converténdose nun dos seus principais valedores. En 2009/2010 foi director asistente da Orchestre Philharmonique de Liège, da Dutch National Opera Academy en 2010 e da Jove Orquestra de la Generalitat Valenciana de 2010 a 2013. En 2011, fundou o colectivo de artistas Grup Mixtour e dende 2017 é director artístico da Jove Orquestra de la Generalitat Valenciana.



# TRÍO ARBÓS



Premio Nacional de Música 2013, o Trío Arbós fundouse en Madrid en 1996, tomando o nome do célebre director, violinista e compositor español Enrique Fernández Arbós (1863-1939). Conformado por Ferdinando Trematore, violín, José Miguel Gómez, violonchelo e Juan Carlos Garvayo, piano, é na actualidade un dos grupos de cámara máis prestixiosos do panorama musical europeo.

Dende a súa formación en 1996, un dos principais obxectivos do Trío Arbós é a contribución ao enriquecemento da literatura para trío con piano a través do encargo de novas obras. Compositores do talle de Georges Aperghis, Ivan Fedele, Toshio Hosokawa, Luis de Pablo, Mauricio Sotelo, Jesús Torres, Bernhard Gander, Thierry Pécou, Elena Mendoza, José María Sánchez Verdú, ou Roberto Sierra, entre outros, escribiron obras para o Trío Arbós.

O Trío Arbós actúa con regularidade nas principais salas e festivais internacionais, como Konzerthaus de Viena, Conservatorio Tchaikovsky de Moscova, Academia Sibelius de Helsinqui, Teatro Colón de Bos Aires, Auditorio Nacional de Madrid, Wittener Tage für neue Kammermusik, Festival de Kuhmo, Bienal de Venecia, Festival de Spoleto, Festival Musica de Estrasburgo, Philharmonie de Berlín, Festival Klangpuren, Ultima de Oslo, Time of Music de Viitasaari, Nuova Consonanza de Roma, Festival Casals de Puerto Rico, Bienal de Flamenco de Holanda, Festival Transart de Bolzano, Festival de Sintra, Quincena Musical Donostiarra, Festival Internacional de Granada, Semana de Música Religiosa de Cuenca, ou Bienal de Flamenco de Sevilla, entre outros.

Gravou máis de 30 discos para un gran número de selos. Actualmente faino para o seu propio selo Sacratif. A prestixiosa revista *Gramophone* dixo do seu traballo: “Este disco reafirma as credenciais do Trío Arbós como un dos grupos de cámara máis completos e orientados ao futuro da actualidade”. Os seus traballos no mundo da música flamenca foron eloxiados pola crítica internacional; froito deste labor é o seu CD *Travesías* en colaboración co cantaor Rafael de Utrera. Os seus anovadores proxectos como ‘Triple Zone’, para a ampliación da literatura para trío con piano, son patrocinados pola Ernst von Siemens Musikstiftung e pola Fundación BBVA.

Ferdinando toca un violín feito por A. Guadagnini (1781) cedido pola Fundación ProCanale de Milán. José Miguel toca un chelo do luthier alemán Haat-Uilderks (2010).

## JOAN ENRIC LLUNA



Joan Enric Lluna, recoñecido como Insigne pola Academia de la Música Valenciana, é un músico polifacético que compaxina o seu labor de clarinetista coa dirección de orquestra e o ensino. Na súa faceta de director e solista-director, Lluna púxose á fronte de diversas orquestras europeas, como a Manchester Camerata, a Luzerne Festival Strings, Covent Garden Chamber Orchestra etc. En abril de 2019 fixo o seu debut na sala de cámara da Filarmónica de Berlín e na sala Karl Philip Emmanuel Bach de Frankfurt á fronte da Berliner Camerata, que obtivo unha calorosa acollida do público.

Como solista actuou nos principais escenarios europeos, baixo a dirección de mestres como Zubin Mehta, Gianandrea Noseda, Juanjo Mena e Neville Marriner, e xunto a grupos de cámara como os cuartetos Brodsky, Tokio, Alexander, Diotima, ou solistas como Lluís Claret, Juan Carlos Garvayo, Tasmin Little e Josep Colom. As súas aparicións no City of London Festival, Festival Classique da Haia, San Francisco (EUA) Chamber Music series, Konzerthaus de Berlín ou o Liceo de Cámara de Madrid foron de especial relevancia. Na actualidade é clarinete solista da Orquestra de la Comunitat Valenciana no Palau de les Arts Reina Sofía, posto para o que foi escollido por Lorin Maazel en 2006. Tamén foi primeiro clarinete e co-fundador da Orquestra de Cadaqués, primeiro clarinete da Bournemouth Sinfonietta, e primeiro clarinete convidado de orquestras como a London Philharmonic, Royal Philharmonic Orchestra, a Academy of St. Martin in the Fields e a Chamber Orchestra of Europe, entre moitas outras.

Lluna ten interpretado gran parte do repertorio para clarinete solista e estreado concertos de compositores como Sir John Tavener, Joan Guinjoan, César Cano, Jesús Torres, Mauricio Sotelo, Isidora Zebeljan, Paul Barker, Jose María Sánchez Verdú ou Houtaf Houry, así como numerosas obras de cámara de compositores como Benet Casablanca, Emilio Calandín, David del Puerto, Blai Soler, Laura Vega, Voro García, Albert Guinovart, ou Dominic Murcott, entre outros. É tamén o impulsor e director do grupo de cámara Moonwinds, que creou en 2005 e dirixe dende 2009 o Festival Internacional Residències de Música de Cambra en Godella, Valencia.



05.06.2024 | 20.30 h

Sala Ángel Brage, Auditorio de Galicia

Ensemble I JONDE

Acceso libre até completar capacidade

19.30 h Miradas Sonoras: comentarios ao programa da musicóloga Rosa Fernández

- **Mauricio Sotelo (1961): De imaginum, signarum et idearum compositione II (2022)**
- **György Ligeti (1923-2006): Hamburgisches Konzert (1998/1999)**
- **Helga Arias (1984): Traces of the Blast (In Aftermath of Explosion) (2024)**  
Estrea absoluta. Encargo da JONDE
- **George Benjamin (1960): Three inventions (1995)**

### Mauricio Sotelo

#### De imaginum, signarum et idearum compositione II (2022)

Giordano Bruno (1548 - 1600) escribiu, en 1591, o tratado filosófico *De Imaginum signorum et idearum compositione* e dedicou boa parte dos seus traballos ao estudo metodolóxico dos sistemas máxico-mnemotécnicos, un sistema de orde baseado no espazo como primeira expresión do contido espiritual que dá protagonismo aos elementos simbólicos que o identifican e no que se fusionan os conceptos de lugar e materia. Bruno transforma estes conceptos nun espazo capaz de recibir e despregar os infinitos matices de vibracións de son e luz que manan da relación da experiencia cos límites da intimidade da alma. Mauricio Sotelo cimenta a estrutura de *De Imaginum* sobre esas teorías do filósofo para perfilar o lugar da memoria, unha construción propia e fantasmal que xorde dende e no baleiro. Trátase dun conxunto de precursores e campos mentais que se vai poboando aos poucos nun desprazamento circular moi lento con imaxes sonoras que se moven nun sistema espacial de intrincadas ordes asociativas. A arquitectura sonora como teatro da imaxinación, o son como lugar e materia universal, como substancia expandida e baleiro monstruoso e infinito, cheo de enerxía e dinamismo; arquitectura da audición que percorre a escritura como sistema espacial e se detén en cada punto para fusionar os elementos produtores de son (velocidade, movemento e presión de aproximación ou cantidade de aire...), pero tamén para facer estourar de novo este universo cativo en miles de anacos. Microtonalidade, non como proceso harmónico expansivo, senón como desenvolvemento da calidade do son en innumerables niveis de intensidade, peso e brillo. A peza está dedicada a Peter Paul Kainrath e ao Klangforum Wien.

### György Ligeti

#### Hamburgisches Konzert (1998/1999)

*Praeludium - Signale, Tanz, Choral - Aria, Aksak, Hoketus - Solo, Intermezzo, Mixtur, Kanon - Spectra - Capriccio - Hymnus*

“A miña música non é purista. Está contaminada por unha cantidade increíble de asociacións, xa que penso moito de xeito sinestésico... non é música programática, pero está cargada de asociacións”. Entre as influencias máis claras de Ligeti, seguidor de Bartók, destacan a música clásica de Occidente, o folclore europeo, o jazz e outras ideas alleas, mesmo a música africana nas súas últimas obras, como no *Concerto de Hamburgo (Hamburgisches Konzert)*, a súa última obra, no que a complexidade rítmica é maior e no que subliña o seu rexeitamento ao cromatismo tonal e á música instrumental ben temperada. Para iso, inspirouse nas especiais posibilidades tonais da trompa natural ademais da afinación non temperada e, para aproveitar este efecto, xustapuxo o só de trompa natural co seu sistema de harmonía con catro trompas naturais afinadas de modo diferente na orquestra. Con este artificio e o uso dos harmónicos para combinacións de acordes, Ligeti crea esta última peza como mostra do seu concepto único da música, xa plenamente desenvolvido. Este *Concerto*, que consta de sete movementos, é un encargo da cidade de Hamburgo, onde foi estreado o 20 de xaneiro de 2001. Nel, cun orgánico pouco habitual, acadan interesantes efectos sonoros, como os tons sen temperar das trompas naturais. O ‘Preludio’ contén quintas paralelas entre a trompa solista en Si b, unha trompa natural en mi b e nel unha parte das campás tubulares soa por baixo para crear un efecto críptico e contemplativo. No segundo movemento, as trompas tocan en diferentes afinacións producindo acordes en acio que levan a un coral lento con ritmos precisos. O só de trompeta lixeiramente oscilante do terceiro movemento acompaña-se do cromatismo das cordas namentres se mantén o diálogo entre os instrumentos vento madeira e as trompas naturais que amplían a música tormentosa até que as cordas rematan o movemento. O instrumento solista toca, no comezo do cuarto movemento, un sosegado só ao que seguen as cordas de maneira rítmica e fortemente acentuada na compañía da percusión mentres os ventos participan nunha conversa case *jazzística*. ‘Spectra’ é un movemento que mestura sons de xeito pausado e quedo até un final no que toca a orquestra con intensidade. ‘Capriccio’ é un movemento rápido e sarcástico, forte e vigoroso. No movemento final, o instrumento solista garda silencio mentres tocan as cordas e os ventos naturais intensifican o seu son até o final.

## Helga Arias

### Traces of the Blast (In Aftermath of Explosion) 2024

#### Estrea absoluta. Encargo da JONDE

A bilbaína Helga Arias estudou Composición con Mario Garuti (Conservatorio G. Verdi de Milán) e Beat Furrer (Kunstsuniversität Graz) e Composición Electroacústica con Javier Torres Maldonado (Conservatorio A. Boito Parma) e Karlheinz Essl (Universität für Musik und darstellende Kunst Wien). A súa música, editada por Babel Scores, ten sido interpretada en varios festivais e salas de música de todo o mundo. O seu traballo establece relacións entre a resonancia acústica e electrónica e explora as variacións microscópicas dos fenómenos sonoros. Nas súas pezas máis recentes, tamén inclúe sutís aspectos teatrais e procesos de colaboración. Actualmente é candidata ao doutoramento na Universidade Anton Bruckner de Linz (Austria) e profesora de Composición na HfM de Würzburg (Alemaña). Vive e traballa en Suíza. *Traces of the Blast (In Aftermath of Explosion)* é unha exploración musical que tenta transmitir as secuelas dunha potente explosión a través do medio expresivo da orquestra. A composición desprégase como unha metáfora sonora que capta os momentos turbulentos e transformadores que seguen a unha explosión masiva, mergullando o público nos restos sonoros e os cascallos que quedan como consecuencia. A peza comeza cunha serie de pequenas explosións, prelude a inminente conmoción. A medida que estas medran, a orquestra estala nunha cacofonía de sons disonantes que representan o caos e a forza iniciais da detonación. Tras o momento explosivo, a composición afonda nas fases posteriores á explosión, navegando a través dos ecos e resonancias persistentes. As cordas evocan unha sensación de melancolía mentres entretécen harmonías fragmentadas, reflectindo os elementos esnaquizados que quedaron tras a explosión. As madeiras e os metais contribúen á textura representando a dispersión e desintegración dos cascallos. Ao longo da peza, o director guía a orquestra a través de cambios dinámicos, imitando o fluxo e refluxo da destrución e a renovación. Momentos de fortes contrastes e repentinos crescendos simbolizan a imprevisibilidade e a turbulencia emocional inherentes ás consecuencias da explosión. A medida que avanza a composición, a música explora a reconstrución e reorganización gradual da paisaxe sonora. Xorden temas que representan a resistencia e a adaptabilidade inherentes ás secuelas dun suceso catastrófico. A orquestra

colabora na creación dunha narrativa sonora que reflicte tanto a devastación como o potencial de renovación. *Traces of the Blast (In Aftermath of Explosion)* invita o oínte a experimentar as complexidades da destrución e a renovación a través dun rico tapiz sonoro. É unha viaxe de sons que capta as emocións crúas, as incertezas e o potencial transformador que encerran as secuelas duna explosión.

## George Benjamin

### Three inventions (1995)

Composta para un *ensemble* de 24 intérpretes —7 ventos, 4 metais, arpa, piano, 2 percusionistas e 9 cordas—, *Three Inventions* é un encargo da filántropa e fotógrafa Betty Freeman para o Festival de Salzburgo de 1995. Segundo o propio compositor, a discrepancia en duración e carácter dos tres movementos é intencionada: dous deles, relativamente curtos e lixeiros, preceden a unha conclusión moito máis longa e escura. Na primeira *Invención*, de atmosfera basicamente luminosa e apracible, unha breve introdución conduce a un sostido só de fliscorno cuxas liñas melódicas crean implicacións harmónicas en constante transformación. A segunda invención é áxil, rítmica e ruidosa; o corno inglés, nun só virtuoso, anuncia o que semella ser unha métrica convencional mais, axiña, todo tipo de figuracións irregulares e xustaposicións de tempo inesperadas retorcen esa métrica até volvela irrecoñecible. A metade de camiño, a textura arrouba un enérxico *tutti*; restablecéndose no final a regularidade métrica mediante unha interpretación endiañada do clarinete. A última invención reflicte a primeira en concepción técnica, pero o ton é radicalmente diferente. Gongs e bombos afinados antifonais rodean unha rede de materiais entretecidos a través do conxunto: oitavas de baixo lentas, harmonías consonantes flotantes, escalas de filigrana veloces. A medida que eses elementos xiran ao longo da estrutura en combinacións sempre cambiantes, encóntranse cunha variedade de sós melódicos en primeiro plano: inicialmente un contrafagot sinuoso, despois un bombardino ameazador e cordas máis adornadas. No camiñar do movemento, a harmonía e o ritmo mudan cara a un territorio constantemente novo, pero o pulso dominado polos graves que sustenta a textura permanece implacablemente regular até a fin.



**06.06.2024 | 20.30 h**

**Sala Mozart, Auditorio de Galicia**

**Cámara I JONDE**

**Acceso libre até completar capacidade**

**19.30 h Miradas Sonoras: comentarios ao programa da musicóloga Rosa Fernández**

- **Tomás Marco (1942): En campos de zafiro pace estrellas (2011)**
- **Teresa Catalán (1951): Nenias II (2018)**
- **Rebecca Saunders (1967): disclosure (2008)**
- **Alberto Carretero (1985): Tres daguerrotipos (2024)**  
Estrea absoluta. Encargo da JONDE
- **Guillaume Connesson (1970): Sexteto (1998)**

### **Tomás Marco**

#### **En campos de zafiro pace estrellas (2011)**

Ao tempo que realizaba o bacharelato e a licenciatura de Dereito, Tomás Marco cursou estudos de Violín e Composición que completou en Francia e Alemaña con Maderna, Boulez, Stockhausen, Ligeti ou Adorno. Ademais, estou Psicoloxía, Socioloxía e Artes Escénicas e, en 1967, foi axudante de Stockhausen. Marco é director da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando e autor de sete óperas, un ballet, e dez sinfonías, alén de obras de música coral, música de cámara, música incidental para teatro, audiovisual, entre outras creacións e publicou títulos de referencia como *Música española de vanguardia* (1970), *Pensamiento musical y siglo XX* (2002) ou *Historia cultural de la música* (2008). Foi profesor de Novas Técnicas no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e de Historia da Música na UNED, director xerente da Orquesta y Coro Nacionales de España (OCNE), director do Centro para a Difusión da Música Contemporánea (CDMC), director do Festival Internacional de Música Contemporánea de Alicante, conselleiro da SGAE, e director xeral do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (INAEM). A súa traxectoria valeulle numerosos premios e recoñecementos, entre eles o Premio Nacional de Música en 1969 e, en 2002, o Premio da Tribuna Internacional de Compositores da Unesco, o Premio de Música da Comunidad de Madrid, a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes ou o Premio Iberoamericano de la Música Tomás Luis de Victoria. Tomás Marco xa participou na primeira etapa destas Xornadas de Música Contemporánea no ano 1987 e o Auditorio de Galicia foi inaugurado coa

interpretación da súa obra *Campo de estrellas* interpretada por la OCNE baixo a dirección de Odón Alonso. En *campos de zafiro pace estrellas* foi composta en 2011, nun período no que Marco desenvolveu un papel fundamental na evolución da vangarda musical española tanto no seu compromiso persoal como a través do desempeño dos seus cargos institucionais. O resultado compositivo desde período foi continuo, amplo e de gran transcendencia no panorama da música contemporánea española. Trátase dunha obra composta a partir do encargo do Ensemble NeoArs Sonora que foi estreada en decembro de 2014 no Rafel Festival.

### **Teresa Catalán**

#### **Nenias II (2018)**

Premio Nacional de Música, na modalidade de Composición, en 2017, Teresa Catalán foi distinguida con este recoñecemento pola atención prestada a cada obra o que, allea ás esixencias habituais, converte a súa produción nun catálogo exquisito. A formación recibida dos seus mestres Ramón Barce, Franco Donatoni e, particularmente, Agustín González Acilu, sitúana nunha interesante liña de transmisión que conecta as dúas xeracións de compositores españois chamadas “da República” e “de 1951”. Esa función de nexo mantén a continuidade dunha tradición musical evolutiva, sen as dramáticas roturas tan habituais en España. O seu estilo rescata aspectos dun legado histórico desprezado na súa época pero sen renunciar aos avances das vangardas, adiantando o camiño que logo percorrerían outras e outros colegas no futuro. *Nenias II* foi estreada en marzo de 2018 na Sala Berlanga de Madrid no ciclo ‘Hoy, compositoras’ organizado pola Fundación SGAE.

### **Rebecca Saunders**

#### **disclosure (2008)**

Coa súa linguaxe sonora distintiva, a compositora londiniense afincada en Berlín Rebecca Saunders é unha referencia internacional da súa xeración. Alumna de Composición con Nigel Osborne e Wolfgang Rihm, presenta un marcado interese nas propiedades escultóricas e espaciais do son organizado.

A experiencia da música vén da súa infancia pois compoñía moito cando era nena; o seu instrumento ía ser o violín, co que interpretaba Bach, ata que coñeceu a música de Wolfgang Rihm con quen decidiu estudar tras un concerto: “Para min, a música de Rihm tiña unha fonda sensualidade e un uso de timbres extremadamente complexo e fascinante. O poder de afirmación da vida da súa música tamén me atraeu inmediatamente. Sabíao: alí era onde debía ir”. Ademais, con Rihm, Saunders descubriu a compositora Galina Ustvolskaya e a súa inflexible variedade de paixóns. A iso, engádese unha reverente admiración pola obra de Samuel Beckett, que serve de contexto a moitas das pezas da autora. A súa música caracterízase por un material de ton limitado e unha ampla complexidade tímbrica. Está fascinada coa resonancia e os estraños sons creados polos instrumentistas, como o rasgueo dun cambio de arco, o ruído xordo dos pedais dun piano ou arpa, ou os golpes e desprazamentos da man esquerda nun instrumento de corda. Dada a sutileza e a especificidade dos sons que crea, Saunders inclúe longas explicacións de texto en moitas das súas partituras para describir cada efecto que desexa que o intérprete produza. Gran parte da música da súa obra basease nun só ton ou, ás veces, nunha pequena colección de tons que dominan grandes seccións da música. Segundo a propia compositora: “Para min, o realmente importante é permitir que o oínte sinta a maxia da física, o timbre, a cor, a masa, o peso do son. Iso é co que sinto que estou traballando, case como un escultor traballa con diferentes materiais”. No proceso de creación de *disclosure* unha cita de Beckett, de *Horn Always Came* (ca. 1960), amparou as preocupacións formais e estéticas da composición: “Aínda vexo, por veces, aquela faciana que se esvaecía revelando, con maior claridade a media que entraba na sombra, aquel que eu lembraba”. *disclosure* foi escrita por encargo da Sección de Música Contemporánea do Conservatorio de Oberlin (Ohio, EUA) co soporte económico do Ensemble Musikfabrik e a Fundación Kunststiftung NRW e estreada polo Ensemble de Música Contemporánea de Oberlin co seu director Timothy Weiss en 2009.

### **Alberto Carretero**

#### **Tres daguerrotipos (2024). Estrea absoluta. Encargo da JONDE**

Alberto Carretero é compositor, investigador e catedrático de Composición no Conservatorio Superior de Música Manuel Castillo de Sevilla, a súa cidade natal. Posúe unha formación poliédrica en Composición, Musicoloxía, Enxeñaría Informática e Xornalismo, con Premio Extraordinario de Doutoramento pola súa tese *El proceso de Composición Musical a través las técnicas bio-inspiradas de Inteligencia Artificial: investigación desde la creación musical*. Formado en Europa con mestres de prestixio e gañador de numerosos premios e recoñecementos internacionais, viu a súa música interpretada en salas como Centro Pompidou de París, Carnegie Hall de Nova York, Festival Wien Modern, Biennale di Venezia, Ran Baron Hall de Tell Aviv, Auditorio Nacional de Música de Madrid, Fundación BBVA, Museo Reina Sofía, Teatro de la Maestranza ou Espacio Turina de Sevilla por agrupacións como Klangforum Wien, Musikfabrik, Ensemble Recherche, Ensemble Intercontemporain, PHACE, Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, Orquesta Bética, Orquesta SWR Stuttgart, Helsinki Chamber Choir, Taller Sonoro, Zahir, Ocnos, entre outras. Ten colaborado en numerosos proxectos interdisciplinares con música instrumental e electrónica, traballando sobre tecnoloxías musicais no IRCAM e SWR-ExperimentalStudio. No seu labor, destacan proxectos escénicos recentes de vídeo-ópera como *Renacer*, a súa ópera de gran formato *La Bella Susona*, así como a súa futura ópera de cámara *Poeta en Nueva York*. *Tres daguerrotipos* son tres “imaxes musicais”, en certa medida borrosas e fantasmagóricas, como intres capturados de xeito descontinuo, que evocan etapas dunha viaxe interior en espiral, onde todo asemella volver, pero sen pechar círculos. Algúns sons lembran a texturas electrónicas e deshumanizadas, mentres que outros están máis pretos á vocalidade e ao humano, sempre na fronteira entre a “realidade e o desexo”, en palabras de Luis Cernuda. Iso conduce a metamorfoses e hibridacións continuas do material musical que, ao mesmo tempo, crea unha arquitectura en tríptico e unha dramaturxia paradoxal de oposición de contrarios, incluíndo converxencia, diverxencias e paralelismos. Como metáfora destes conceptos, o daguerrotipo na súa cualidade de peza sempre especular, única e fráxil que, a diferenza da fotografía, non permite copias ao non existir un negativo. Á fin, un daguerrotipo é simultaneamente negativo e positivo, polo que pode verse de ambas formas segundo o ángulo de observación e a luz incidente.



## Guillaume Connesson

### Sexteto (1998)

*Dynamique - Nocturne- Festif*

Compositor ecléctico de ampla inspiración, Connesson é, en gran medida, un produto do sistema de conservatorio francés e a súa música ten sido galardoada con numerosos e importantes premios. Foi profesor de Orquestración no Conservatorio Nacional de Aubervilliers e, dende 2020, no Conservatorio Superior de París. Algúns dos seus primeiros traballos, como *Night Club* e *Disco-Toccata*, inspiráronse en elementos da música pop, o minimalismo e tamén presentan unha notoria influencia das películas americanas (compuxo unha partitura de 140 minutos para o clásico do filme mudo *Sunrise* de F. W. Murnau de 1927). O propio Guillaume Connesson di que, “escrito para un concerto de Aninovo para os meus amigos Eric Le Sage e Paul Meyer, este *Sexteto* está marcado pola diversión e o bo humor. O primeiro movemento, ‘*Dynamique*’, é unha serie de variacións que multiplican os procesos; ritmos herdados da repetitiva música americana. O ‘*Nocturne*’ central é unha doce e dolorosa confianza interpretada polo clarinete sobre os tapices harmónicos de cordas e piano. Finalmente o ‘*Festif*’ libera unha ledicia febril arredor de motivos entre os que distinguimos unha chiscadela a *A troita* de Schubert. A partitura remata nun compás de cadencia nasal”.

XMCG  
CALIFEIDOS-  
COPIO

**07.06.2024 | 20.30 h**

**Sala Mozart, Auditorio de Galicia**

**Cámara II JONDE**

**Acceso libre até completar capacidade**

**19.30 h Miradas Sonoras: comentarios ao programa da musicóloga Rosa Fernández**

- **César Camarero (1962): *Music for a liquid theater* (2018)**
- **Mario Davidovsky (1934): *Flashbacks* (2000)**
- **Gabriela Ortiz (1964): *El águila bicéfala* (2005)**
- **Inés Badalo (1989): *Rust* (2024) Estrea absoluta. Encargo da JONDE**
- **Thomas Adès (1971): *Court studies from The Tempest* (2005)**

### **César Camarero**

#### **Music for a liquid theater (2018)**

César Camarero recibe o Premio Nacional de Música en 2006 pola súa brillante traxectoria internacional de máis de 20 anos en moi diversos campos da composición e tras a estrea de varias obras de máxima relevancia no panorama musical nos anos anteriores á concesión. A súa música resulta da procura extremadamente coherente e persoal da beleza sonora e a poética da obra musical, produto dun traballo minucioso e exixente, no que destaca tamén un oficio extraordinario.

*Music for a liquid theater* é unha peza incluída nun CD monográfico de Camarero titulado *A Liquid Theater* do que Sergio Blardony escribe no núm. 283 da revista *Melómano* o seguinte: “Cando escoito unha obra de César Camarero sempre se me aparece unha imaxe onde luz e sombra establecen certa dialéctica que dan como consecuencia unha idea de cor (curiosamente, nunca branco e negro). Porén, a análise é infrutuosa sempre. Pero non só iso. As súas obras están atravesadas por un mundo poético que demanda o descubrimento. A poesía como contemplación dende o son, a música. O seu vencello con poetas como Menchu Gutiérrez, Vicente Huidobro ou Juan Larrea explican un xeito de facer que non ten tanto que ver co discurso música-palabra en paralelo senón cunha maneira de integrar o poético nunha forma que se percibe sempre como único contido posible. É o máis distante a unha forma debuxada, predeterminada... É a forma en si mesma que se fai son e se amosa. Se quixésemos illar un ou dous fotogramas da música de Camarero, aparentemente, poderíamos vela como un espazo de sons suspendidos con elementos bruscos que se van sucedendo.

Sen embargo, nada máis lonxe da realidade: existe un movemento constante na súa música, un devir, que nos produce unha sensación de algo que se despraza lentamente (non esquezamos, especialmente neste disco, as alusións á cámara lenta ou á suspensión do tempo). Ese movemento está creando espazo, facendo circular o son dunha forma enigmática que apela a unha audición en capas. É dicir, a un oínte que non se conforma cun primeiro estrato”. Camarero explica que en *Music for a liquid theater*, como en moitos dos seus traballos, o espazo musical desenvólvese como un aspecto importante da composición; cando se interpreta nunha sala de concertos, algúns instrumentos teñen unha disposición especial, o violín está na esquina esquerda e o violonchelo na dereita do escenario, mentres a frauta e o clarinete tocan dende as outras esquinas detrás do público.

### **Mario Davidovsky**

#### **Flashbacks (2000)**

O compositor arxentino Mario Davidovsky fixa, en 1960, a súa residencia en Estados Unidos, onde se formou con Aaron Copland e Milton Babbitt. Con eles descubriu a música electroacústica, da que foi un dos precursores pois axiña se integrou no Columbia-Princeton Electronic Music Center, que comezou as súas actividades paralelamente aos estudos de Música Concreta de París e de Música Electrónica de Colonia. Davidovsky foi director do laboratorio e profesor da Universidade de Columbia e, en 1994, chegou á de Harvard. Gran parte das súas obras levan dalgunha maneira electrónica, soa ou con instrumentos, como na serie xenericamente chamada *Synchronisms*. Mais Davidovsky tamén ten desenvolvido un amplo catálogo instrumental, no que aplicou moitas das técnicas estudadas na súa investigación electrónica. Unha das máis recoñecidas, *Flashbacks* foi encargada para o ciclo ‘Meet the Composer’ para os grupos San Francisco Contemporary Music Players, California E.A.R. Unit e New York New Music Ensemble, que protagonizou a estrea. *Flashbacks* é unha obra instrumental que inclúe todas as características da música electroacústica do seu tempo: pasaxes rápidas con repentinos cambios de dinámica e unha fonda investigación da rítmica e as texturas. A frauta usa tres instrumentos (con *piccolo* e contralto) e o clarinete tamén o baixo, e resulta especialmente interesante o tratamento case electrónico da percusión.

## Gabriela Ortiz

### El águila bicéfala (2005)

Di Gabriela Ortiz que namorou da música cando entendeu que os sons teñen alma e a través deles un pode falar de si mesmo. Candidata ao Grammy Latino, a multipremiada compositora mexicana é unha das máis destacadas do seu país e medra cada día a nivel internacional. A súa linguaxe musical logra una síntese extraordinaria e expresiva de tradición e vangarda combinando a arte, o folclore e o jazz de xeitos novidosos, frecuentemente refinados e moi persoais. A crítica di das súas composicións que son entretidas e inmediatas, ademais de profundas e sofisticadas, logrando un equilibrio entre unha estrutura altamente organizada e a espontaneidade da improvisación. Ortiz compuxo *El águila bicéfala* para o Ensemble Ónix baseándose nesa aguia que aparece como motivo gráfico en moitos tecidos indíxenas. A peza, un enramado de texturas e figuras musicais, ten dúas perspectivas: a da música contemporánea, séculos XX e XXI, *avant garde*, e a dos ritmos da música folclórica mexicana cuxo estilo reúne a visión rítmica latinoamericana, propia, de sabor mexicano e outra contemporánea. Malia a súa formación a partir de múltiples referencias e da síntese de numerosos e variados xestos, elementos e motivos (sen chegar á colaxe sonora), a composición presenta unha singular coherencia con alternancia de ritmos hiperactivos e episodios de repouso nun contexto de texturas instrumentais de gran solidez e un desenvolvemento formal compacto e lóxico.

## Inés Badalo

### Rust (2024). Estrea absoluta. Encargo da JONDE

Inés Badalo nace en Olivenza (Badajoz) e finaliza os estudos de Composición na Escola Superior de Música de Lisboa con Luís Tinoco. Actualmente realiza o Doutoramento en Música e Musicoloxía, na especialidade de Composición, na Universidade de Évora. Recibiu premios nacionais e internacionais, como o Premio de Composición da Sociedade Portuguesa de Autores / Antena 2 RTP en 2017 (Portugal), o Premio Francisco Guerrero Marín do Premio para Jóvenes Compositores Fundación SGAE - CNDM en 2017 (España), o Premio FIDAPA do Concurso Internacional de Composición 'Città di Udine' en 2018 (Italia),

a Convocatoria para Jóvenes Compositores de Plural Ensemble en 2018 (España), o Concurso Internacional de Composición 'Manuel de Falla' en 2016 (España), ou o Premio Internacional de Composición Fernando Lopes-Graça en 2017 (Portugal). En 2019 resultou gañadora do Premio de Composición del Colegio de España en París - INAEM (Francia / España) e foi seleccionada en 2023 para representar a Portugal na Tribuna Internacional de Compositores da UNESCO (Países Baixos). As súas obras foron interpretadas por destacados *ensembles*, solistas e orquestras, tales como a WDR Sinfonieorchester, Orquesta Nacional de España, Plural Ensemble, Hand Werk Ensemble, Sigma Project, Orquesta Gulbenkian, Real Filharmonía de Galicia, Ensemble vocal Soli-Tutti, Ensemble Sonido Extremo, Neopercusión, Vertixe Sonora, Ensemble Mikrokosmos, Zahir Ensemble, Orquesta de Extremadura, Grupo de Música Contemporánea de Lisboa, Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), Ensemble Kuraia, ou o Grupo Enigma, en países como Suíza, España, Austria, Croacia, Bélxica, Portugal, Italia, Reino Unido, Brasil, México, China, Xapón, Alemaña e Francia. A súa obra foi interpretada no Festival Mixtur, na Fundación Juan March, no Nak Festival, no Ciclo de Concertos de Música Contemporánea da Fundación BBVA, no Auditorio Nacional de Música, no Auditorio 400 do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, nas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela, no Ciclo de Música Actual de Sociedad Filarmónica de Badajoz, no Festival Ensemis (España), no Nief-Norf Festival, no Sarasota Festival (EUA), no Festival Música Viva, no Grande Auditório da Fundação Calouste Gulbenkian, na Casa da Música (Portugal), no XVIII World Saxophone Congress (Croacia), no Mishima Contemporary Music Days (Xapón), no Contemporanea - Festival di Nuova Música (Italia), no Suen Festival für zeitgenössische Musik Wien, Forum Gitarre Wien (Austria), e no Wittener Tage für Neue Kammermusik (Alemaña).

*Rust*, termo inglés que dá título á obra cuxo significado e sonoridade fonética sintetizan a idea principal sobre a que esta se vertebra, significa óxido, corrosión, palabras que aluden á transformación do metálico; á súa vez, o seu propio son /rust/ é evocador do proceso de oxidación, transcurso no que a metamorfose dos materiais xera un cambio radical e pode dar lugar a múltiples texturas, cores, e finalmente, á desintegración do obxecto do que deriva. En palabras da autora: "Recollendo todo aquilo que de poético suxire o vocábulo e pasándoo a través dun imaxinario prisma sonoro podemos extrapolalo a unha



idea musical concreta. Deste xeito evoco na partitura un abano de sonoridades baseado no metálico e a súa transformación mediante o proceso de oxidación, para iso na obra fago uso de elementos alleos aos propios instrumentos; un recurso que se encontra con maior frecuencia no piano é tamén empregado en ambos instrumentos de corda frotada, os cales serán 'preparados' na sección inicial. Tamén /rʌst/ como concepto sonoro reflectirase tanto nos arcos como no piano, xa sexa mediante diferentes graos de presión, disposición de puntos de contacto ou técnicas estendidas”.

### **Thomas Adès**

#### **Court studies from The Tempest (2005)**

*The False Duke - The Prince - The King - The False Duke's Defeat -  
The Counsellor - The King's Grief*

As novas xeracións de músicos ingleses herdaron de mestres como Britten a refinada formación do eclecticismo intelixente e da linguaxe poética e engadiron novidades técnicas do universo das vangardas. Un dos máis respectados é o compositor e director de orquestra Thomas Adès, quen se desprende de influencias estilísticas para converterse nunha figura única da música contemporánea e conciliar elementos e estruturas musicais básicas para que o oínte procure novas formas de escoitar o que cría coñecer —progresións harmónicas, ritmos, melodías ou formas musicais—. Ademais de pezas instrumentais con electrónica ou *techno*, proxectos multimedia ou un amplo repertorio de cámara, destacan as súas óperas *Powder Her Face* e *The Tempest*. Precisamente, *Court studies from The Tempest* componse de transcricións, breves e cheas de carácter, de arias desa ópera coas que se crea unha nova peza baseada nos mesmos materiais, que non se reduce á simple extracción e nova composición. A obra é un poema sinfónico en miniatura, cuxos estados de ánimo e caracterizacións se reflicten nos títulos dos seus movementos. Unha pequena introdución tipo fanfarra lanza o *scherzo* 'O falso duque', en referencia a Antonio, duque de Milán, quen usurpou o lugar de Próspero e o exiliou na illa máxica; a música está relacionada coa da primeira aparición de Antonio na ópera.

O segundo movemento sincopado refírese a Fernando, fillo de Alonso, rei de Nápoles, que pronto namorará da filla de Próspero, Miranda, presente nunha doce pasaxe. 'O rei' evoca a seria gravidade de Alonso; a súa dor prematura polo presunto afogamento do fillo informa do movemento final, 'A dor do rei'. 'O falso duque' toma a música preto do final, cando Antonio admite ante Próspero a súa culpa. 'O conselleiro' é o bondadoso Gonzalo, quen axudou a Próspero e Miranda a escapar ao exilio. Este movemento lírico está tomado da certeza que Gonzalo lle deu a Alonso arredor da posibilidade de que Fernando se mantivese aínda con vida. Despois de 'A dor do rei,' un breve epílogo equilibra e completa o marco arredor da peza que foi estreada no Festival de Aldeburgh no ano 2005 polo Composers Ensemble.

**08.06.2024 | 20.30 h**

**Sala Mozart, Auditorio de Galicia**

**Cámara III JONDE**

**Acceso libre até completar capacidade**

**19.30 h Miradas Sonoras: comentarios ao programa da musicóloga Rosa Fernández**

- **Toshio Hosokawa (1955): Trío (2013)**
- **María José Arenas (1983): El Aljibe (2024). Estrea absoluta**
- **Salvatore Sciarrino (1947): Il silenzio degli oracoli (1989)**
- **Gérard Grisey (1946-1998): Talea (1986)**

### **Toshio Hosokawa**

#### **Trío (2013)**

Toshio Hosokawa crea unha linguaxe musical propia a partir da fascinante relación entre a arte de vangarda occidental e a cultura tradicional xaponesa. A súa música está fortemente conectada coas raíces estéticas e espirituais das artes xaponesas (como a caligrafía), así como coas músicas daquela corte imperial (como o *Gagaku*). O autor dá expresión musical a nocións de beleza arraigadas na fugacidade: “Escoitamos as notas individuais e apreciamos, ao mesmo tempo, o proceso de nacemento das notas que logo morren: unha paisaxe sonora de continuo devir que se anima en si mesma”. O propio Hosokawa di que este *Trío* “trata sobre o mundo do xamán, que me interesa moito ultimamente. Un xamán crea un camiño que conecta este mundo e o inframundo. Neste trío, o violín representa a muller e o violonchelo o home. Os instrumentos cantan a dúo como unha extensión das voces de dous xamáns. O piano é o cosmos e a natureza. O violín e o piano teñen unha relación de Yin/Yang, principio creador do cosmos taoísta: polos opostos que se complementan sen anularse, creando unha perfecta harmonía”. A obra foi encargada pola Fundación BBVA para o Trío Arbós, á quen está dedicada e quen a estreou no Festival Musica de Estrasburgo.

### **María José Arenas**

#### **El Aljibe (2024). Estrea absoluta**

María José Arenas (Illa Cristina) é compositora e profesora do Departamento de Composición no Conservatorio Superior de Música Manuel Castillo de Sevilla, no que estudou Composición. Continuou a súa formación co compositor David del Puerto e realizou o Mestrado de Interpretación e Investigación Musical pola Universidad Internacional de Valencia (VIU). Entre as súas obras máis destacadas para diversas formacións musicais encóntranse títulos como *Resiliencias*, estreada polo Trío Arbós; *Maktub I*, interpretada por violinistas como Alejandro Bustamante, Vladimir Dmitrenco e Manuel Guillén; *Orson Welles para niños*, interpretada polo pianista Iván Martín; *Maktub II*, estreada pola arpista Cristina Montes; *Kibbutz*, presentada polo Cuarteto de Cuerdas de la Habana; *El sanatorio de los incurables*, interpretada por primeira vez pola Orquesta de Córdoba; *Hum*, para waterphone, un encargo do percusionista Juanjo Guillén; *Relojes Blandos*, estreada por Taller Sonoro; *La evidencia de los significados*, que foi gravada nun disco polo Dúo Sincronía; *Los aromas exactos*, interpretada polo dúo que compoñen a mezzosoprano Marta Knörr e o pianista acompañante Aurelio Viribay, e *H's Proyect*, interpretada pola pianista Patricia Arauzo. Ademais, ten colaborado no proxecto ‘La Alhambra interpretada’ coa obra *El idioma dormido de las cosas* (interpretado por Cecilia Bercovich e Cristina Montes) organizado polo Patronato do Generalife e a Alhambra e, recentemente, no ciclo de concertos ‘Rompiendo esquemas’, organizado pola Escuela Superior de Música Reina Sofía e Radio Clásica, coa obra *...aún cuando el mundo no existiese*. Algunhas destas obras foron interpretadas en festivais e salas de música de ámbito estatal e internacional, en Cádiz, Madrid, Sevilla, León, Bilbao, Edimburgo ou Croacia. Entre os seus vindeiros proxectos aparece a estrea de *...donde las raíces vuelan*, encargo do Centro Nacional de Difusión Musical, a cargo de Fukio Quartet. Desde 2019, compaxina a súa actividade artística co seu labor docente e como creadora de contido na UNIR para o Grao de Composición.

*El Aljibe* é unha obra para frauta, clarinete, violín, violonchelo, piano e percusión baseada no relato homónimo de Mariana Enriquez incluído no seu libro *Los peligros de fumar en la cama* (2017). A historia céntrase nunha moza que, despois de ter visitado de nena unha menciñeira para tratar a súa nai e a súa avoa, se sente acurrallada por unha serie de terrores que lle impiden levar unha vida normal, ata que a súa irmá a acompaña de novo á mesma menciñeira, que anos despois lle conta a verdade. No escenario principal hai un alxibe ao que a protagonista se asoma dúas veces, cun cambio temático que percorreu todos os seus traumas até o presente. A partir dunha lectura analítica do conto, esta obra propón unha visión musicalizada dos seus fíos temáticos e estruturais, convertendo os diferentes instrumentos en personaxes e accións paralelas á trama e desenvolvemento o tema principal —o horror— en diálogo cos subtemas —a familia, a saúde mental, a relixión pagá— ao longo dun discurso que condensa o universo narrativo de Mariana Enriquez co estilo musical de María José Arenas. Unha conexión interartística que pescuda nas posibilidades tímbricas de cada instrumento coa mesma fondura que busca no seu interior a protagonista do relato.

### **Salvatore Sciarrino**

#### **Il silenzio degli oracoli (1989)**

As composicións dos anos sesenta de Salvatore Sciarrino xa eran absolutamente orixinais tanto en Italia como na contorna internacional aínda que poidan ser consideradas exercicios de aprendizaxe autodidacta pois, cando era adolescente, sentiu a vocación da composición e chegou ao oficio practicando. Para levar a profusión de ideas ao pentagrama foi encontrando técnicas e recursos que, cos anos, conforman unha das escritas compositivas máis persoais, selectas e refinadas. O seu mundo estético, radicalmente novidoso e diferente, bebe do coñecemento e da reflexión de culturas occidentais e non occidentais, do pasado máis afastado ou da tradición máis próxima, e amosa referencias a Heráclito, Confucio, mitos do antigo Exipto ou ecoa reelaboracións de Gesualdo, Bach, Mozart, Mendelssohn e incluso de The Beatles. As súas obras transitan na fronteira

entre o audible e o inaudible e nelas abundan *pianísimos*, murmurios, delicadas insinuacións de sons, silencios e xestos buxáns que colocan o público fronte ao baleiro sonoro, creando un ambiente á vez íntimo e tenso, delicado e poderoso que, dalgún xeito, pode resultar prodixioso. Esa linguaxe sonora anovadora e propia implica unha nova sintaxe musical que confire coherencia ao conxunto artístico para acadar unha música que exige novos xeitos de ser oída. O oínte decátase de que a proposta musical de Sciarrino non necesita o consabido seguimento atendendo a alturas, timbres, intervalos, liñas melódicas, harmonías ou ritmos senón que é preciso valorar a realidade que rodea o son na que está inmerso, sen esquecer o son en si mesmo, en cuxa complexidade máis fonda o compositor tenta extraer toda a súa fortaleza sensorial e expresiva. Sciarrino escribiu sobre *Il silenzio degli oracoli*: "É certamente silencio, algo imprescindible para soar, como o día e a noite. O son está dentro do silencio e iso é son. Érase unha vez os deuses que se deixaron interrogar. Mentres agardaba, o oráculo abriuse en silencio. Os pardais discutindo, o canto das cigarras. Dende arriba balanceaban as ofrendas: presaxios do vento. Quedaron as palabras dun sabio: 'O oráculo non di, insinúa' [...] Como estamos un pouco divididos, sempre preferimos a inquietude da distancia, pero eliximos unha vida cotiá tranquilizadora. Para alivio de todos, o artista desta sociedade foi 'dado de baixa' [...] O divino, o sagrado estaban alí para que todos o viran. O silencio dos oráculos pesa sobre a época moderna, sen un murmurio de reproche, como un baleiro, un abandono, o silencio pode volverse enordecedor. A nosa culpa por elixir a árbore do coñecemento [...] Esta composición é froito da intermitencia: dous mundos autónomos, cada un coa súa propia evolución. Pero a intermitencia é tal que a sucesión se transforma en paralelismo de imaxes en movemento. Quizais o silencio mesmo, finalmente case se esvaece na escuridade da mensaxe coagulada".



## Gérard Grisey

### Talea (1986)

A biografía de Gérard Grisey transita dende o ríxido catolicismo familiar até un misticismo máis amplo, os seus estudos de Composición con Messiaen, a severa depresión sufrida cando era profesor na Universidade de Berkeley ou o seu prematuro pasamento pouco despois de completar a súa obra mestra sobre a morte, *Catro cancións para cruzar o limiar*. Grisey foi pioneiro do movemento espectralista cambiando o curso da historia da música coa súa escasa pero potente produción. Xunto a Tristan Murail, Roger Tessier e Michaël Lévinas fundou o grupo L'itinéraire en 1973, cuxas obras acabarian dando forma a ese movemento espectralista. As premisas deste movemento, centradas na análise e síntese sonora de acordo con principios acústicos e psicoacústicos, desenvolvéronse en paralelo en dúas liñas: a composición electrónica e a composición para instrumentos convencionais. O termo latino *talea* significa “cortar” e en música medieval designa unha estrutura rítmica repetida sobre a que se insire unha configuración de tons igualmente repetidos, coincidentes ou non co primeiro e que se recoñece como ‘cor’; no século XX existe esta disociación entre alturas e duracións. En *Talea*, Grisey aborda dous aspectos do discurso musical, a microfonía e as transformacións adxacentes: a velocidade e o contraste. A peza está escrita en dúas partes unidas entre si sen interrupción que expoñen dous aspectos ou, máis precisamente, dous ángulos auditivos dun mesmo fenómeno. Así, un só xesto (rápido, *fortissimo*, lento ascendente, *pianissimo*, descendente) preséntase na primeira parte en duracións medias e erosiónase gradualmente até que os contrastes se nivelan. Na segunda parte xestiona a forma principal e a sucesión de secuencias. Así, o xesto polifónico da primeira parte vólvese homofónico na segunda. Dende un punto de vista perceptivo, a primeira parte parece un proceso incesante, unha verdadeira máquina de crear a liberdade que xurdirá na segunda. De feito, o proceso desta última está marcado por emerxencias máis ou menos irracionais, como se se tratase de recordatorios da primeira parte que, aos poucos, van sendo coloreados polo novo contexto até volverse irrecoñecibles.



XMCG  
CALFEIDOS-  
COPIO

**09.06.2024 | 20.30 h**

**Sala Ángel Brage, Auditorio de Galicia**

**Ensemble II JONDE**

**Acceso libre até completar capacidade**

**19.30 h Miradas Sonoras: comentarios ao programa da musicóloga Rosa Fernández**

- **Pierre Boulez (1925-2016): Éclat (1965)**
- **María de Alvear (1960): Brana (2024)** Estrea absoluta
- **Hugo Gómez-Chao (1995): Estudio sobre la carne (2024)**  
Estrea absoluta. Encargo da JONDE
- **Jörg Widmann (1973): Freie Stücke (2002)**

### **Pierre Boulez**

#### **Éclat (1965)**

Un dos máis importantes compositores da segunda metade do século XX e un dos creadores e mantedores das técnicas do serialismo integral foi Pierre Boulez. En marzo de 1965, foi estreada en Los Ángeles *Éclat*, unha obra que lle encargaron para celebrar o seu 40 aniversario e a inauguración do Museo de Arte do Condado situado nesa cidade. Di o compositor que *Éclat*, significa ante todo “acha” ou “fragmento” mais tamén pode expresar “explosión” e “reflexos de luz”. Estas diferentes acepcións poden aplicarse tanto á forma da música como á súa substancia e expresión poética, e iso era o que o fascinaba. *Éclat* como o epitome dun experimento de escoita, un atractivo estético positivo pero tamén como alusión ás dúas facetas profesionais de Boulez como compositor e director de orquestra, pois a partitura incorpora elementos aleatorios e outorga decisión ao director de orquestra sobre cando e como dar entrada a certos sucesos dentro do marco xeral. Cando en 2007, o Círculo de Belas Artes lle concedeu a Boulez a Medalla de Ouro, ofreceu unha charla na que relatou así a composición de *Éclat*: “Lembro cando escribín a pequena partitura orixinal de *Éclat* –que logo desenvolvín ata que se converteu en *Éclat-Multiples*–, unha obra bastante breve. Por que a escribín e como foron chegando as ideas? O punto de partida foi o son; eu desexaba contar cun conxunto de instrumentos puramente resoantes, dende o piano, que resoa por máis tempo, até a mandolina, que case non ten resonancia. Así que o punto de partida foi unha categoría sonora, é dicir,

algo moi vago conceptualmente, pero á vez moi preciso no corpo instrumental, aínda que en ningún caso constitúe unha idea musical senón, máis ben, unha idea de son. A continuación pregunteime o porqué destes instrumentos, a súa orixinalidade. E esta radica no feito de que, cando se baten, emiten unha nota que ten certa duración, tras a que o son morre; nun piano, o son desaparece ao cabo de sete ou oito segundos, mentres que no caso da mandolina o son dura medio segundo ou un segundo todo o máis. É dicir, o que me interesaba era a resonancia dos instrumentos, a súa capacidade de morrer, por así dicilo. E esa morte natural do son permitíume prescindir do ritmo, xa que a duración, a noción do tempo, depende esencialmente do son. E deste xeito, non necesito escribir unha música cunha duración anotada; polo contrario, agardo a que se produzan os fenómenos. Pero hai outra consecuencia: cando se deixa que un acorde resoe, é posible en maior ou menor medida analizar ese son complexo, porque gradualmente os instrumentos van desaparecendo segundo a duración da súa resonancia. Pero se arranco un son seco e rápido, a brevidade impídeme analizar a súa complexidade. Deste modo, podo utilizar dende o son máis curto até o son máis longo, con total independencia dunha escritura rítmica, polo que poderei improvisar con estas sonoridades mediante sinais. Xa non teño compases, pero si sinais acó e aló, e podo, por exemplo, agardar a que se esgote a resonancia ou encadear moi rapidamente acordes moi secos, de tal sorte que se produza certa desorientación da percepción. Con este método de traballo van xurdindo as consecuencias desta elección sonora e da duración; pero se, pola contra, quero que aparezan os instrumentos para que haxa un son sostido, estou obrigado a escribir un valor, unha cifra, e nese caso xa podo empezar a compoñer. Así é, pois, como se produce unha idea”.

### **María de Alvear**

#### **Brana (2024). Estrea absoluta**

María de Alvear naceu en Madrid e trasladouse a Colonia (Alemaña) en 1982 para iniciar os seus estudos musicais. Recibiu o premio Bernd-Alois-Zimmermann da cidade de Colonia nunha etapa temperá da súa carreira e estudou Teatro Musical (Musiktheater) con Mauricio Kagel. Dende 1998 colabora regularmente con

videoartistas, coa súa irmá, Ana de Alvear, e tamén co artista británico Isaac Julien. Ese mesmo ano fundou a editorial de música World Edition e publica a revista *KUNSTMUSIK - Schriften zur Kunst als Musik* (escritos da música como disciplina artística), dende 2003. As súas obras principalmente interdisciplinares e multimedia son representadas por intérpretes de renome como Ensemble Modern, Basel Sinfonietta, Ensemble Musikfabrik e Orchester des Hessischen Rundfunks u.v.a. Colabora con numerosas orquestras, *ensembles* e solistas de todo o mundo. Ten dado numerosos concertos en Europa, EUA e Canadá, en centros como o Glenn Gould Concert Hall, en Toronto (Canadá), no Lincoln Center, Nova York (EUA), nos Donaueschinger Musiktage, Donaueschingen (Alemaña), nos Darmstädter Tage für Neue Musik, Darmstadt (Alemaña), no Festspielhaus Hellerau, Dresden (Alemaña), na Universidade de Waterloo, Ontario (Canadá), no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía Madrid e noutros moitos. Numerosas representacións das súas obras foron gravadas por emisoras de radio SWR, WDR, Arte e CBC/Radio-Canadá, por citar só algunhas. En 2014 María de Alvear recibiu o Premio Nacional de Música na categoría de Composición. A cerimonia oficial de entrega tivo lugar o 1 de xuño de 2016 na Catedral de Palencia. En 2017 a compositora incorporouse á Academia de Ciencias, Humanidades e Artes (AWK) de Renania do Norte-Westfalia. María instálase de novo en Madrid en 2021.

Escrita en 2023, *Brana* forma parte dunha triloxía baseada na astrofísica que a autora está a desenvolver e que define como “algo así como dicir que estou na procura do meu anaquiño de ceo”. A dicir da compositora, as branas son “a finísima distancia que, como burbullas de xabón, separa universos. Cientificamente falando, pódese estar nunha brana. De feito, hai científicos que cren que o noso universo está entre dúas branas. A fragilidade e a grandeza que iso significa inspiroume para facer esta obra; a súa simplísima formulación, xunto coas súas enormes complicacións matemáticas”.

## Hugo Gómez-Chao

### Estudio sobre la carne (2024). Estrea absoluta. Encargo da JONDE

Hugo Gómez-Chao naceu na Coruña e estudou Composición con David del Puerto no Centro Superior de Música Katarina Gurska de Madrid e posteriormente realizou estudos de mestrado con Beat Furrer na Kunstuniversität de Graz e con Ramón Lazkano en Musikene de San Sebastián. Paralelamente á formación académica recibiu clases de compositores como Toshio Hosokawa, Alberto Posadas, Clemens Gadenstätter, Bernhard Lang, Mark Andre ou Pierluigi Billone. Compositor residente da Real Academia de España en Roma (2022-2023) e compositor residente de Juventudes Musicales de España; bolseiro de Perfeccionamento Artístico da Deputación da Coruña e artista residente nas Residencias REGA da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, ten recibido encargos e estreado obras co apoio de entidades como a Orquesta y Coro Nacionales de España, Fundación AEOS, Fundación SGAE, Orquesta Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Juventudes Musicales de España, IMPULS Festival, Academia Filarmónica Romana, Ciclo Contrasti de Firenze, Festival ENSEMS de Valencia e Fundación Tàpies, entre outros. A súa música foi interpretada en países como Italia, Austria, Alemaña e Francia por prestixiosas agrupacións e artistas como Arditti Quartet, Klangforum Wien, IEMA Ensemble Modern, Orquesta Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, MDI Ensemble, Arxis Ensemble, Vertixe Sonora Ensemble, Grupo Instrumental Siglo XX, Ensemble Sonido Extremo, entre outras. En 2018 crea o Festival internacional RESIS de música contemporánea da Coruña, do que é director artístico así como da Asociación Cultural AÍS, e dirixe proxectos como o ciclo A\_NEXOS na Fundación Luis Seoane. En 2022 funda Arxis Ensemble, no que tamén exerce como director artístico. Desde 2023, é comisario do Premio Andrés Gaos e asesor da área de cultura da Deputación da Coruña no ámbito da música. Foi galardoado con premios como o Primeiro Premio de Jóvenes Compositores da Fundación SGAE-CNDM Xabier Montsalvatge, e mención de honra do Colegio de España en París.



*Estudio sobre la carne* é unha peza que reflexiona sobre distintos tipos de densidade: é un estudo sobre a fisicidade do son. A Gómez Chao gústalle pensar nese *ensemble* como un músculo, como se todos eses corpos que tocan os instrumentos, os ventos e as cordas, fosen un mesmo corpo que é golpeado enerxicamente. Todo o *ensemble* é un corpo, a sombra dun corpo, a mínima expresión dun corpo, unha gran coreografía de son que se debuxa no aire e desaparece, se transforma interminablemente, crea xestos moi claros nun segundo e precipítase violentamente cara á súa desaparición. Cada novo son que aparece modifica significativamente o que soará despois. Cando o compositor estaba escribindo, non deixaba de pensar na música do romanticismo, nese son de Bruckner ou Mahler, nunha gran densidade de son que se tensa ao máximo e que, froito desa intensidade, desa actitude, adquire unha cualidade física. O propio compositor confesa: “ás veces, cando estaba escribindo, pensaba que case podía tocalo e cravalo no papel. Todo soa apaixonadamente. Aparece a carne”.

### **Jörg Widmann**

#### **Freie Stücke (2002)**

O clarinetista, compositor e director de orquestra Jörg Widmann é un dos artistas máis versátiles da súa xeración. Foi o primeiro compositor residente da Gewandhaus de Leipzig ademais de selo na Orquestra de París, Wigmore Hall, Mozartwoche de Salzburgo e Philharmonie Essen. Formado con Henze, Hiller, Goebbels e Rihm, as súas obras son estreadas por relevantes solistas, directores e formacións. A inspiración de Widmann vén das artes plásticas e a literatura e, a súa música céntrase no son, integrando serialismo e tonalismo sobre recursos tradicionais, de xeito que na maioría das súas composicións establece unha conversa musical con compositores clásico-románticos. As súas partituras amosan estruturas e instrucións extremadamente precisas e ben pensadas, utilizando técnicas estendidas. *Freie Stücke (Pezas libres)* consta de dez partes cohesivas nunha revisión fascinante dos compoñentes e posibilidades sonoras da música que Widmann describe así: “Despois dalgunhas pezas con conxuntos

máis grandes que se ocuparon de dominar unha gran forma e fluxo musical, estas obras están animadas polo desexo de concentración e redución. Os dez traballos diferéncianse entre si en todos os sentidos. Cada caso toma como tema un fenómeno sonoro (pulso, flutuacións de fondo, ruído, unanimidade, estruturas harmónicas, etc.). Sen embargo, todas as pezas están suxeitas entre si. O final de cada unha (ou o seu reflexo) é o inicio da seguinte. Deste xeito, o dispar convértese no que se conta continuamente. A pesar da súa brevidade, é dicir, redución na horizontal, estas pezas son case pródigas na vertical para os meus estándares, a miña primeira partitura real para conxunto”.

XMTC  
CALEIDOS-  
COPIO

# ENSEMBLE LIBERDADE



**12.06.2024 | 20.30 h**

**CGAC**

**Ensemble Liberdade**

**Acceso libre até completar capacidade**

- **Xacobe Martínez Antelo**, director
- **Elena Vázquez**, violín
- **María José Pámpano**, viola
- **Macarena Montesinos**, violonchelo
- **LAR Legido**, batería
- **Diego Alonso**, saxos
- **Xosé Miguélez**, saxos e gaita
- **Manuel Cebrián**, guitarra eléctrica
- **Rubén Fernández**, voz

O Ensemble Liberdade é a formación de guerrilla da Orquestra Galega de Liberación, un proxecto centrado na improvisación como fonte primixenia de inspiración e investigación. Artéllase co cometido de ir superando fronteiras que axuden a amosar novos camiños a seguir como puntos de fuga posibles, atractivos, inesperados, inauditos ou intransitados.

Para esta ocasión, o grupo verase intervido por primeira vez por dúas novas variables que rachan coa sonoridade de cámara, que viña sendo a habitual nesta formación. Introducirán a guitarra eléctrica de Manuel Cebrián e a voz poliédrica de Rubén Fernández. Os novos ecosistemas musicais despréganse inevitablemente ante a exuberancia sonora. A música é infinita, e o Ensemble Liberdade está empeñado en demostralo.

## lookathingsdifferent



© Martina Matencio

## NICO CASAL



© Olalla Lojo

18.06.2024 | 20.30 h

Teatro Principal

lookathingsdifferent

Somos

Entradas a 10€ con descuentos do 50% para os colectivos habituais.

- **Dirección, coreografía e intérpretes:** Carla Cervantes Caro e Sandra Egido Ibáñez
- **Escenografía:** lookathingsdifferent
- **Vestuario:** Carla Cervantes Caro
- **Música orixinal e interpretación:** Nico Casal, piano
- **Música gravada:** Mette Herniete, Origamibiro, Young Collective
- **Edición musical:** Sandra Egido Ibañez
- **Iluminación:** Grace Morales
- **Son:** Sandra Egido Ibáñez

### lookathingsdifferent

As integrantes de lookathingsdifferent, Carla Cervantes Caro e Sandra Egido Ibáñez, son creadoras de contido relacionado coa fotografía, o vídeo e a danza. Autodidactas e emprendedoras, apaixonadas polo deseño, a moda e a arquitectura. Recoñecidas pola súa habilidade á hora de mostrar novas perspectivas a través das súas imaxes e movementos, presentan a fusión da danza, o deseño e a moda como unha base fundamental nos seus traballos. Xuntas desde 2013, viviron en China e viaxaron coas súas personalísimas pezas por lugares como Dubai, Croacia, Francia, Alemaña e Hong Kong. O seu estilo de danza caracterízase por un traballo de chan físico e á súa vez delicado que incorpora influencias da danza contemporánea e do *breaking*. Reivindicativas dende os seus inicios, apostan por desdubuxar roles de xénero e estereotipos e os seus traballos perseguen a beleza coa intención de transmitir, contar e conectar coas persoas. Tras percorrer diferentes países por todo o mundo, deciden volver a España para compartir, mostrar e achegar novas propostas a partir da experiencia adquirida. Actualmente enfocan todo o seu tempo en transformar e dirixir todos os coñecementos recompilados na creación de pezas que poidan ser gozadas, sentidas e apreciadas en directo. En escena, nun espazo, un silencio e un tempo concreto. No momento, efémero. Inmersas na creación dun dúo que pretende abrir un novo camiño.



## Nico Casal

Nico Casal é un pianista e compositor santiagués residente en Madrid. Tras acabar os estudos de piano no Conservatorio Superior de Vigo múdase a Londres a estudar un mestrado sobre composición para cinema na City University. Durante os seus anos en Reino Unido traballou para numerosos proxectos audiovisuais entre os que destacan *Stutterer*, gañador do premio Óscar a mellor curtametraxe en 2016, e a película *La Enfermedad del Domingo*, de Ramón Salazar, a cal lle valeu un nomeamento aos Premios Feroz á mellor banda sonora.

Ademais de compoñer música para 8 películas, 6 documentais e numerosas curtametraxes, en abril de 2019 Nico Casal lanza o seu primeiro disco *Alone*, un traballo que nace dunha improvisación a piano na súa habitación de Londres. O álbum saíu baixo o selo PIAS/Point of Departure Records, acompañado por unha xira por España e Reino Unido, incluíndo o prestixioso Southbank Centre de Londres. Ademais, participou en festivais como o Eurosonic (Países Baixos), Reeperbahn Festival (Alemaña), BIME en Bilbao e o Festival de Jazz de San Sebastián.

A súa música tamén se pode escoitar en campañas publicitarias como as últimas de Wimbledon, a DGT, La liga, Estrela Galicia, British Airways, ou Adidas, entre outras, e en 2016 recibiu un nomeamento aos Music & Sound Awards (Reino Unido) pola súa música na campaña internacional 'The Pink Ladies' do banco HSBC.

Compuxo a banda sonora da película arxentina *Errante Corazón* escrita e dirixida por Leonardo Brzezicki, a da serie *Maricón Perdido* creada por Bob Pop (Premio Ondas á mellor serie de Comedia 2021) e, entre outros proxectos, a música da campaña publicitaria da DGT do último Nadal. Entre os seus últimos traballos cóntanse as bandas de son da serie documental *Pacto de Silencio* de RTVE e a da película *Te estoy amando locamente*.

## SOMOS

*SOMOS* é un diálogo entre dous corpos e todos os seus camiños. Unha conversa que transmite unha mensaxe íntima no momento presente. Encarna e simboliza un intre de conexión. Un espazo que convida a apreciar a beleza da arte a través do movemento, da unión e o conxunto, de escoita interna e de vencello. Unha tradución activa e coexistente que xorde cando nos permitimos ser e nos habitamos de forma consciente. A acción trázase no marco da danza contemporánea determinada polo estilo persoal que caracteriza as coreógrafas, incorporando influencias doutros estilos. A singularidade desta peza reside no traballo en parella pois en todo momento ambos os corpos están unidos, un corpo feito de dúas persoas. A peza conta coa música orixinal do compositor Nico Casal, que a interpretará ao vivo nesta edición das Xornadas de Música Contemporánea.





# BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**20.06.2024 | 20.00 h**

**Teatro Principal**

**Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela**

*Postais 'dende a semente creativa'*

**Acceso de balde previa retirada de convites**

**David Fiuza, director**

**Antonio Romero Cienfuegos, contraabaixo**

**Rafael Yebra, saxofón**

- **Xosé Carlos Seráns Olveira (1962): Sons e Soños (2023)** Estrea absoluta
- **Federico Mosquera (1986): Concerto en doce cadros (2024)** Estrea absoluta
- **Fernando Ruibal (1976): Compac Sax en 4 4 (2024)** Estrea absoluta
- **Juan Fernández Guzmán (1980): Camiños de Santiago (2020)**

## **Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela**

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela é unha das máis antigas de Galicia, xa que nace en 1848 como agrupación de afeccionados ata que en 1876, en mans do Concello, comeza a profesionalizarse. As súas actividades máis importantes eran os concertos, denominados paseos, na Alameda ou na rúa do Vilar, as festas da cidade, as procesións de Semana Santa e os seus concertos, no Teatro Principal na temporada de inverno e na rúa do Vilar na de verán. Estes actividades seguen a celebrarse na actualidade, e inclúen ademais recitais didácticos, intercambios culturais e actos protocolarios do Concello.

A inminente liña ascendente no talento musical galego que xermola ao redor do contexto das bandas de música é tan evidente como reveladora. Cada vez son máis os compositores que elixen a organoloxía da banda para plasmar as súas ideas mais creativas e relucentes, consolidándose un tecido de repertorio dun nivel creativo supremo. Este manancial compositivo está emparellado coa excelente calidade de instrumentistas solistas do país, que reciprocamente estimulan o mundo da composición para conseguir un repertorio concertante autóctono e de calidade. É por iso que a Banda Municipal de Santiago de Compostela quere contribuír a potenciar e a facer visible esta realidade, ofrecendo nas Xornadas de Música Contemporánea un concerto de estreas de música galega escrita por compositores actuais da nosa terra, facendo fincapé no virtuosismo dos nosos solistas galegos.

## **David Fiuza Souto, director**

Comeza os estudos musicais na Banda Artística de Merza. Obtén o Grao Superior de Clarinete (Conservatorio Superior de Vigo), Grao Superior de Dirección de Banda (Hogeschool Muzik Zuyd de Maastricht), e o Grao Superior de Dirección de Orquestra e Coro (Conservatorio Superior Joaquín Rodrigo de Valencia); ademais realizou estudos de Composición no Conservatorio Superior de Vigo. Empeza a estudar Dirección aos 15 anos con Marcel van Bree, e fórmase cos mestres Jan Cober e Pascual Vilaplana. Foi director titular da Banda Unión Musical de Meaño, a Banda Sinfónica del CIM La Armónica de Buñol, a Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas, a Banda Artística de Merza, a Banda de Lalín e a Banda de Música Municipal de Lugo (en excedencia). Ademais traballou como profesor asociado do Conservatorio Superior de les Illes Balears, director titular do Mallorca Saxophone Ensemble, Serenade Ensemble e do Cor Valencià de Clarinets. Ten sido invitado a dirixir programas coas Bandas Municipais da Coruña, Madrid, Pontevedra, Ourense e Palma de Mallorca e outras formacións como Norwegian Wind Ensemble, Gran Canaria Wind Orchestra, Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas, Banda Sinfónica Xuvenil da Federación Galega, Orquestra Sinfónica da Companhia Portuguesa de Ópera, Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra, Orquesta Sinfónica del CIM La Armónica de Buñol, Orquestra Xoven Vigo 430, diversas bandas sinfónicas de Estàgios en Portugal, e outras bandas amadoras en Galicia, Cataluña e Comunidade Valenciana. Actualmente é director titular da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, da Gran Canaria Wind Orchestra e da Banda Sinfónica Galega.

## **Antonio Romero Cienfuegos, contrabaixo**

Nado na Coruña en 1990, comezou a estudar Contrabaixo aos 8 anos nesa cidade. Completou os seus estudos na Escola Superior de Música de Catalunya, no Royal College of Music de Londres, o Centro Superior Katarina Gurska e na Scuola di Musica di Fiesole. Recibiu clases de distinguidos contrabaixistas como Bernard Salles, Carlos Méndez, Risto Vuolane, François Rabbath, Thierry Barbé,

Jeff Bradetich, Diego Zecharies, Alberto Bocini ou Ferrán Sala e tocou con directores como Alberto Zedda, James Judd, Jan Cober, Mihail Jurowski, Jesús López Cobos, Bernard Haitink ou Thierry Fischer. Ten colaborado con orquestras tales como a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia, a Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias ou a Orquesta Sinfónica de Castilla y León. Acadou varios premios tanto estatais como internacionais, dos que o máis recente é o dobre premio no World Classical Music Awards: a medalla de ouro na categoría de música actual e o Grand Prize entre todas as categorías. Na actualidade compaxina o seu labor como profesor no Conservatorio Superior de Música de Castilla y León con diversos recitais e clases maxistras en diversos países europeos.

## **Rafael Yebra, saxofón**

Inicia os estudos musicais da man de Arsenio Alonso en Sobrado do Bispo (Ourense), onde naceu en 1970. É profesor superior de Saxofón polo Conservatorio Superior Música da Coruña onde se formou co mestre Narciso Pillo e posteriormente amplía formación con Andrés Gomis, Marie-Bernadette Charrier e Jean-Marie Londeix. Como saxofonista forma parte de S@x 21, Klonos, Múltiplensemble, Sax Inflexion e colabora coa Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica Vigo 430, Banda Municipal da Coruña, Banda Municipal de Pontevedra, Taller Atlántico Contemporáneo, entre outras formacións. Na actualidade é catedrático de Saxofón no Conservatorio Superior de Música de Vigo e imparte clases maxistras en universidades europeas no marco do programa de mobilidade Erasmus con destinos en Roma, Berlín, Viena, Bruxelas, París, Lisboa, Milán, Almatí, Talín... Na súa aposta pola música actual, ten presentado máis de trinta obras como estreas absolutas sendo dedicatario de moitas delas.



## Xosé Carlos Seráns Olveira

### Sons e Soños (2023). Estrea absoluta

Xosé Carlos Seráns Olveira é un músico galego cunha ampla traxectoria profesional. Comezou a súa formación musical aos 11 anos na Banda de Música de Caamaño e aos 20 anos ingresou no Corpo de Bandas de Música da Mariña. En 1987 gaña a praza de tuba na Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela. Ao longo dos anos, foi impulsor de numerosos proxectos musicais en Galicia, creando escolas de música, bandas e outras agrupacións, así como diferentes proxectos pedagóxicos. Ao longo da súa traxectoria compuxo numerosas obras para diferentes agrupacións. Foi director da Banda Municipal de Música de Santiago e na actualidade compaxina a xestión desta formación coa súa actividade como tubista e compositor. *Sons e Soños* é unha obra dedicada á Banda de Música Sons e Soños, un proxecto musical mancomunado pioneiro en Galicia ao unir a catro pequenos municipios rurais da contorna de Lugo: Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol. Vinculada á asociación Músico Crisanto, baixo a batuta de Armando Morales, esta banda celebrou en 2021 o centenario da súa creación. Estructurada en tres partes ben diferenciadas, *Sons e soños* empeza cunha fanfarras de metais a modo de abertura con esquema A-B-A, cunha linguaxe totalmente clásica no ámbito das bandas. Mediante unha ponte que serve de nexo entre as diferentes partes da obra, entramos nun segundo tema a modo de interludio lírico, e de novo a ponte modulante lévanos ao último tempo, cun marcado ton modal no que a escala utilizada é a dominante de fa menor harmónica, similar á escala *ahava rabbat*, utilizada na tradición da música *klezmer*, mesturada con ritmos da música galega máis tradicional.

## Federico Mosquera

### Concerto en doce cadros (2024). Estrea absoluta

I. *Vivo* II. *Moderato* III. *Allegro* IV. *Con espressione* V. *Poco maestoso*  
VI. *Allegro moderato* VII. *Lento* VIII. *Allegro* IX. *Adagio espressivo*  
X. *Adagio* XI. *Tango* XII. *Presto agitato*

O compositor e pianista Federico Mosquera formouse nos conservatorios da súa cidade, A Coruña, e nos de Cracovia (Polonia) e Rotterdam (Países Baixos). Estrea as súas obras con formacións prestixiosas como a Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquesta y Coro de la Comunidad de

Madrid, Grupo Instrumental Siglo XX, quinteto Zoar, dúo Delibes e cuarteto vocal Damask. Traballa con directores como Maximino Zumalave, Víctor Pablo Pérez, Dima Slobodeniouk, José Trigueros, Nacho de Paz e solistas como Antonio Romero Cienfuegos, Igor Urruchi, Henri Bok e Jesper Boile Nielsen. Recibe encargos da Fundación SGAE/AEOS, o Centro Nacional de Difusión Musical e o Consello da Cultura Galega. Actualmente reside en Rotterdam, traballando no conservatorio Codarts (Universidade das Artes) como Artistic Research Coach. Escrito por encargo de Antonio Romero Cienfuegos, o *Concerto en doce cadros* é a terceira obra xurdida froito da colaboración entre o contrabaixista e o compositor Federico Mosquera. A idea da peza é fuxir do concepto dun concerto de formato tradicional en tres ou catro tempos e, por contra, estruturar a obra como unha sucesión rápida de doce cadros breves, como apuntes musicais contrastantes. Cada cadro explora un carácter distinto: dende o carácter inicial moi rítmico e marcado, até o virtuosismo instrumental final pasando por cadros que presentan distintos tipos de lirismo, máis escuro ou máis apaixonado, ou cadros máis enigmáticos e *scherzantes*. Como fío condutor, practicamente todos os cadros están elaborados sobre as posibilidades dun mesmo motivo interválico e rítmico, dándolle unha sorte de coherencia interna á peza. Por outra banda, o concerto explora case a práctica totalidade do rexistro do contrabaixo e a gran diversidade de técnicas instrumentais que ofrece, extraendo o máximo proveito das enormes posibilidades do instrumento.

## Fernando Ruibal

### Concerto para saxofóns en 4 4 (2024). Estrea absoluta

O pontevedrés Fernando Ruibal comeza os estudos musicais á idade de 8 anos co saxofón como instrumento principal. Non será ata o ano 1993 cando se integra no recente, reformado e ampliado Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra, co propio Rafael Yebra como mestre de saxofón. No ano 2009 acada a licenciatura de Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo cos mestres Carlos Cambeiro, Pablo Beltran e Joám Trillo, entre outros moitos. Dende ese momento o proceso de estudo e aprendizaxe abrangue un amplo espectro, dende a Composición, Dirección Coral e de Banda ata a Musicoterapia contando con múltiples mestres da escala internacional. Na actualidade, a actividade está centrada na docencia no corpo de Catedráticos

de Música e artes escénicas na especialidade da Composición no Conservatorio Superior de Música da Coruña, na Dirección Coral, na Composición musical e na investigación no eido musical vencellado ao desenvolvemento psicolóxico, á aprendizaxe e á saúde, e a Musicoterapia. O *Concerto para saxofóns en 4 4* xorde como inquietude do propio compositor coincidindo coa proposta do actual profesor catedrático de Saxofón, Rafael Yebra, do Conservatorio Superior de música de Vigo, de compoñer e interpretar un concerto para saxofón e banda de música en Galicia e dende Galicia. A obra, malia que no seu punto de inicio pretendía basearse nunha linguaxe absolutamente contemporánea, fusiona a técnica estendida do propio instrumento, na súa magnitude e espectro sonoro, coa súa capacidade de desenvolverse noutros estilos musicais. Á súa vez, procura achegar a todos os públicos aspectos musicais que non son tan comúns a partir dun único nexo que é a característica exclusiva do propio instrumento e a súa posibilidade técnica. No referente á música, aínda que se centra no propio instrumento deixa marxe ao oínte para diversas emocións e sentimentos, quizais transcendentales, por medio dos distintos elementos musicais, texturas e efectos sonoros do conxunto. Neste eido hai unha parte da obra que está dedicada por parte do compositor ao compañeiro Dani Portas.

### **Juan Fernández Guzmán**

#### **Camiños de Santiago (2020)**

Juan Fernández Guzmán comeza os estudos musicais na súa vila, Merza, na escola da Banda Artística (á que pertence dende 1991), cos mestres Xurxo Guzmán (en Linguaxe Musical) e Xosé Casal (en Trombón). Anos máis tarde continúa os estudos de Trombón con Antonio Caneda e Juan Francisco Aranega, e de Harmonía e Análise Musical con José Luís Quintás. É membro fundador do Quinteto de Metais Merza Brass e do GalaicobrassFestival. Na actualidade é funcionario interino (trombón) na Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela. *Camiños de Santiago* é unha peza musical na que, por medio da música, a ritmo de pasodobre, se mostran características rítmicas, melódicas e harmónicas de diferentes pobos polos que transcorre o camiño de Santiago dentro da Península Ibérica.

XMCG  
CALLEIDOS-  
COPIO

# XMVC CALFEIDOS- COPIO

## ACCESO AOS CONCERTOS

Todos os concertos da JONDE no Auditorio de Galicia e o do Ensemble Liberdade no CGAC son de acceso libre (sen necesidade de reserva) até completar capacidade.


As entradas para o espectáculo *Somos*, de lookathingsdifferent e Nico Casal no Teatro Principal, poden ser adquiridas a un prezo de 10 €, con descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e integrantes de familias monoparentais ou numerosas. Á venda en:

- Portal [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)
- Despacho de billetes da Zona C · Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 horas.
- Despacho de billetes do Teatro Principal, aberto o día do espectáculo dende unha hora antes do seu comezo.

As entradas para o concerto da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, son de balde previa retirada de convites (máximo 2 por persoa) en:

- Portal [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)
- Despacho de billetes da Zona C · Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 horas.
- Despacho de billetes do Teatro Principal, aberto o día do concerto dende unha hora antes do seu comezo.





  
CONCELLO DE  
SANTIAGO

JONDE JOVEN  
ORQUESTA  
NACIONAL  
DE ESPAÑA

CGAC CENTRO GALIEGO  
DE ARTE  
CONTEMPORÁNEA

 XUNTA  
DE GALICIA

 Deputación  
DA CORUÑA

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)



CompostelaCultura



compostelacultura



CompostelaCulturaTV



CCultura